



A hixiene no muxido é fundamental

Hixiene do muxido, o primeiro paso da seguridade alimentaria

Din que na antiga China houbo un filósofo chamado Lao-Tse.

Din que dixo que “unha viaxe de mil leguas comeza cun primeiro paso”. Se realmente existiu ou non, se o dixo ou non, non é o importante.

O importante é que é certo. Todo ten un principio, un primeiro paso.

Rafael Arlegui

Xefe de produto de gandería, Kersia

O leite é un dos alimentos máis completos que hai. E como produtores, somos os encargados de dar ese primeiro paso do camiño cara á seguridade alimentaria.

QUE É A SEGURIDADE ALIMENTARIA?

Dentro deste concepto englobanse varios aspectos, desde garantir a subministración de alimentos en cantidade suficiente á poboación, como que

eses alimentos sexan nutritivos ata, por suposto, que sexan seguros.

Estamos en Europa, o que supón que, neste momento, o punto da cantidade suficiente témolo resolto. O do valor nutritivo tamén está hoxe, ou debería estar, asegurado.

Por iso, cando aquí se fala de ‘seguridade alimentaria’, o termo adoita referirse á inocuidade dos alimentos para o consumidor, é dicir, garantir

que os procesos de produción, elaboración, transformación e conservación dos alimentos sexan seguros para consumo humano.

Toda a cadea pode resumirse con a frase “Da granxa á mesa”. A granxa é o primeiro paso do camiño cara á seguridade alimentaria.

O punto que nos ocupa, a hixiene do muxido, constitúe un dos alicerces básicos para alcanzala.



► TODA A CADEA PODE RESUMIRSE COA FRASE “DA GRANXA Á MESA”. A GRANXA É, POIS, O PRIMEIRO PASO DO CAMIÑO CARA Á SEGURIDADE ALIMENTARIA



A sala de muxido ha de estar sempre o máis limpa posible



Momento de recollida de leite cara á central



O ubre é o piar da granxa leiteira

Non esquezamos que o leite é un alimento, desde o momento en que se obtén directamente do ubre, e como tal debe ser tratado. Segundo sae polo teto, recóllese a través da máquina de muxido, almacénase no tanque e, de aí, sae camiño da central leiteira.

Todo este proceso debe realizarse na maneira máis hixiénica e segura posible. As instalacións, o ubre e os tetos, o tanque... Todo ha de estar e manterse en condicións impecables de hixiene para asegurar a salubridade do proceso e do benestar animal.

O leite ha de ir libre de contaminantes biolóxicos, de microorganismos que puidesen comprometer a devandita seguridade; cantos menos haxa, menor será o risco. E tamén temos que asegurar que vaia libre de residuos, de contaminantes físicos ou químicos de calquera tipo, que ►

2 Soluciones PREMIUM para el control celular

POWER BLUE MIX



SELLADOR MARCANTE DE DIÓXIDO

**POTENTE ACCIÓN DESINFECTANTE**Fungicidas
Bactericidas
Viricidas**FUERTE EFECTO MARCANTE**

Aplicación muy visible

HMVIR FILM +



SELLADOR CON NUESTRA EXCLUSIVA MOLÉCULA LSA®

**REFORZADOS CON AGENTES COSMÉTICOS**

Hidratación hasta el siguiente ordeño.

CONSUMO CONTROLADO

Viscosidad óptima Sin goteo

NO TE OLVIDES DE CUIDAR TU EQUIPO DE ORDEÑO**kersia**
INVENTING A FOOD SAFE WORLD

EL NUEVO NOMBRE PARA

KERSIA IBÉRICA, S.L. Tel: 948 32 45 32 | kersiaiberica@kersia-group.com www.kersia-group.com

► O LEITE HA DE IR LIBRE DE CONTAMINANTES BIOLÓXICOS, DE MICROORGANISMOS QUE PUIDESEN COMPROMETER A DEVANDITA SEGURIDADE; CANTOS MENOS HAXA, MENOR SERÁ O RISCO

puidesen chegar ao consumidor ao longo do proceso. Por iso, na Unión Europea hai normas que regulan a hixiene do muxido, os seus procesos e os produtos que se empregan.

Seguindo estas normas, todos os produtos que se empreguen na hixiene do muxido han de estar debidamente rexistrados e autorizados para o uso que se lles vai dar.

Así, temos produtos rexistrados e autorizados para a desinfección das instalacións, outros o están para a hixiene, desinfección e coidado do ubre e os tetos; ou doutras partes dos animais como poidan ser os pezuños. Outra categoría corresponde á máquina de muxido etc.

REGULACIÓN EN MATERIA DE DESINFECTANTES

No caso dos desinfectantes, todo isto regúlao o Regulamento europeo de biocidas (N.º 528/2012) e as súas diferentes transposicións nos estados membros da Unión Europea. Esta normativa ten como obxecto asegurar a eficacia e a seguridade dos procesos, coa protección do usuario, os animais, o consumidor e o medio ambiente como obxectivo principal.

Neste sentido, entre as novidades que implica a nova lexislación de biocidas, é notable o incremento das esixencias, probas e evidencias que sobre os produtos hai que presentar. Aumentaron máis que considerablemente os requisitos e nivel de cumprimento que deben ser quen de demostrar os produtos en canto a eficacia biocida, estabilidade no tempo, toxicoloxía, normativa medioambiental, ecotoxicidade, residuos etc.



Recollida de leite cara á central



Tanque de almacenamento de leite



As condicións hixiénicas no tanque han de ser estritas

O propio Regulamento recolle no seu texto que o seu espírito, ou a súa finalidade, “é asegurar un elevado nivel de protección da saúde humana e animal e do medio ambiente”.

E deixa outra cousa clara: “Non se deben comercializar nin usar biocidas que non fosen autorizados de conformidade co presente Regulamento”.

Chegados a este punto, convén aclarar que un biocida é calquera substancia ou composto que empregamos para contrarrestar organismos nocivos. Son biocidas todos os produtos que empregamos nas tarefas de DDD, é dicir, desinfectantes, insecticidas e raticidas, entre outros moitos.

Nesa liña, a de protexer e impulsar o benestar animal, os produtos aplicados sobre o ubre e os tetos merecen unha mención especial.

A IMPORTANCIA DOS PRODUTOS APLICADOS SOBRE O UBRE E OS TETOS

Dos produtos empregados no premuxido, e os seladores de tetos para despois, dependen en gran medida o éxito do proceso e a rendibilidade da granxa. Deben ser eficaces desinfectando no menor tempo posible, para evitar contaminacións cruzadas, e tamén deben manter a súa acción despois no tempo para evitar infeccións da glándula mamaria despois do muxido.



Limpeza de tetos no premuxido



Selado de tetos no posmuxido

E non só han de garantir a desinfección da pel, senón que, ademais, teñen que posuír unhas adecuadas propiedades cosméticas para ofrecer protección a esa pel e asegurar a recuperación dos tetos entre os muxidos. Deben garantir que o teto se mantén elástico e nunhas óptimas condicións de hidratación e suavidade da pel.

Hai que ter en conta que un teto que non estea nas mellores condicións lle producirá molestias ao animal, o que redundará nun peor muxido e, en consecuencia, nunha diminución do rendemento leiteiro. ►►



KESSENT® y LysiGEM™

LIDERANDO UNA
GANADERÍA MÁS SOSTENIBLE

La metionina y la lisina son los dos aminoácidos esenciales más limitantes para la producción lechera en los rumiantes.

Los beneficios de la metionina y la lisina son bien conocidos pero, cuando se utilizan de forma concertada, proporcionan beneficios adicionales más allá de la suplementación con el aminoácido individual. Sin su inclusión nunca podremos llegar a maximizar ni optimizar nuestra producción.

KEMIN, como único proveedor de metionina y lisina ampliamente contrastadas, pone a su disposición KESSENT y LYSIGEM.

KEMIN
RUMINANT
ESSENTIALITIES

[kemin.com/
ruminant-essentialities](https://kemin.com/ruminant-essentialities)



► É POR ISO RESPONSABILIDADE DE TODOS [...] QUE TODO SE FAGA CONFORME ÁS NORMAS PARA EVITAR RISCOS INNECESARIOS E PREXUÍZOS AO SECTOR, DA GRANXA Á MESA



O leite é un dos alimentos máis completos

E máis aló do rendemento, como se comentou, o aspecto do benestar animal cobra, e cobrará, cada vez máis relevancia, sendo o confort do animais un dos puntos de demanda máis importantes por parte do consumidor e a sociedade en xeral.

Con todo isto queda claro que non se pode empregar calquera cousa. Os produtos deben estar debidamente rexistrados, sen que poidan empregarse na súa elaboración materias primas nin substancias que non contén á súa vez coa debida autorización.

Desta maneira, primeiro débese autorizar un principio activo para a elaboración de produtos biocidas e, despois, a partir desta materia activa autorizada, poderanse elaborar produtos rematados, que deberán contar cada un coa súa autorización para un uso concreto.

Por exemplo, o ácido peracético debe estar autorizado como substancia activa para unha serie de usos. A partir de aí, con esa materia prima poderanse elaborar diferentes produtos; cada un deles autorizado para un uso determinado.

Neste caso, poderanse elaborar produtos formulados a partir de ácido peracético para a desinfección das superficies e instalacións onde se aloxan os animais, ou facelo para a desinfección dos circuitos da máquina de muxido.

En ambos os casos o rexistro de autorización do produto terminado é diferente. No primeiro caso deberá estar autorizado para uso en hixiene veterinaria, pois vaise empregar onde se aloxan os animais.

No segundo caso, a autorización deberá ser como a dun produto empregado en hixiene alimentaria, pois se vai aplicar nunha superficie en contacto con alimentos, como son o circuito da máquina de muxido e o leite.

Se falamos da máquina de muxido, esta e os seus circuitos, ademais dunha boa desinfección, requiren unha adecuada limpeza, o suficientemente enérxica para retirar toda a sucidade e restos de leite do muxido, incrustacións de calcio e calquera resto de materia orgánica, e o suficientemente coidadosa para non estragala. Non esquezamos que o material ten un custo e, canto máis alonguemos a súa vida útil, maior será o seu rendemento e máis problemas evitaremos.

Así, á hora de aplicar deterxentes, tamén hai que elixir produtos adecuados, tanto na limpeza alcalina coma no ciclo ácido.

Non son o mesmo uns ácidos, digamos máis nobres, ca outros máis económicos, pero máis agresivos, nin unhas formulacións ca outras, pois optar por unhas ou outras pode supor que a vida útil da máquina se reduza e as avarías aparezan, ademais de pór en perigo a calidade hixiénica do leite e, con ela, a seguridade alimentaria.

Outro caso mencionable é o do formaldehído, pois en ningún caso está permitido empregar formol tal cal, comprado a un provedor calquera, e usalo na granxa como desinfectante para os pezuños do gando, por exemplo.

Todo produto empregado debe contar coa súa correspondente autorización e indicacións de uso.

Esta responsabilidade no uso dos produtos abarca dende ao fabricante e comercializador ao resto da cadea e cada parte debe encargarse de cumprir coa norma en cada caso.

Desta maneira, tamén a Lei de sanidade animal o deixa moi claro e estende a responsabilidade a todos os actores do proceso; isto é, fabricantes, comercializadores, veterinarios, gandeiros etc. Con isto queda claro que o fabricante é responsable do que pon no mercado, o veterinario ou técnico o é do que prescribe ou aconsella e o gandeiro de todo canto emprega na súa granxa. O obxectivo é asegurar a seguridade alimentaria, así como minimizar o risco de prexudicar o benestar animal e a seguridade laboral.

NON É SÓ CUESTIÓN DE SEGURIDADE ALIMENTARIA

Indo máis aló, non é só cuestión de seguridade alimentaria. É algo que tamén afecta á imaxe do propio sector de cara á sociedade. Nun contexto coma o actual, en que a opinión pública está cada vez máis sensibilizada con estes temas, o sector agrario non se pode permitir que a súa imaxe se vexa embazada pola actuación irregular dun só actor que pode prexudicar ao resto.

É por iso responsabilidade de todos, desde o fabricante ata o usuario final do produto, pasando por todos os axentes intermedios, técnicos, veterinarios, comerciais... que todo se faga conforme ás normas para evitar riscos innecesarios e prexuízos ao sector, da granxa á mesa. ■

SEGURO 2024

Seguro de

V

Incluye saneamiento ganadero.

Asegure la calidad de su leche
(células somáticas, aflatoxinas...).

A

C

U

N

O

Reproducción
y producción

agroseguro



PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • CAJA DE SEGUROS REUNIDOS (CASER) • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS • AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT • HELVETIA CÍA SUIZA, S.A. • CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS • GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.

